

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Xosé Núñez Búa, a Luís Seoane do 04/02/1973

Colección:

Data: 04/02/1973

De:

Xosé Núñez Búa;

Para:

Luís Seoane;

Orix:

La Plata (local), La Plata (de partido), Bos Aires (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Temáticas:

As cicatrices; Artes; Artes visuais; Asuntos particulares; Pescanova;

Mencionados:

Rafael Dieste; Álvaro Gil Varela; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Xosé Núñez Búa, a Luís Seoane do 04/02/1973

La Plata 4-II-73

Querido Luis:

Hoxe, domingo, canso de remar con dous persoeiros de “Pescanova”, chegados fai unha somán, por despachos oficiás e de comidas particulares, (incruso no Jockey Club, ¡recoño!) metinme a matinar non sei en que –lembranza e tempo– cómo se perdeu a vida. Como eu, ti non, a perdín. E aínda a estou a malgastar. “¡El que nace barrigón!”. Pois din cas tuas Cicatrices. Parei na “Adicatoria”, como se nunca a tivese lido. Si eu fora quén e non un nugallán, espaxado. Si eu fora Luis Seoane, de isa pequena, fonda, longuíssima anéidota de centos de fillos de emigrantes, tiraría unha historia “realista” do neno que medra e soña, da cabalo dun faco pedrés, polas congostras, encostas, agras e vales do vello e ñoto país dos seus anterros cara unha Galiza xusta, xenerosa, ideal... Bueno, como decía Toreriño, tolo de Tenoiro, “Total, botarse a matinar non custa nada”... Pro, vamos á oración principal: por si

non tiñas recibido os orixinás; mándoches copias simpres das pólizas que se fixeron, en troques da que tiñas e que se anulou, xa están pagas. A conta está xunguida ás copias que van no mesmo sobre que estes garabullos caligráficos. Como ves, ó calificalos sentiron o “impacto” e melloraron un chisco.

Os 19 días que paséi en Madrid i en Vigo fóronse cáseque todos iles en falar cos xerifaltes de “Pescanova”. Gracias a que tamén contéi ca regalía de aturar a Álvaro. Teño de ir, cando poida, 3 meses ó que me pete. Quero arranxar a miña vella “Casanova”, o único que teño en Tenoiro. Cando teña o presuposto do que quero facer, hei de che escribir e pídoche que, entón, vaias deica alí. Agora eres un burgués con auto importado e “chaufesse”. E me darás a tua opinión. Supoño que os viaxeiros –Pachi e as suas mulleres– non esgotarán as dúas contiñas bancarias que, dende 1953, fun sumando ahí. Cando pasen pol-A Cruña decirlle que teñan man cos cartiños, xa que Tilita leva plenipotencia.

Apertas para Maruxa e pra ti de

Pepe

Isa carta pra Rafael entrégalla, pois non teño ben a dirección

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.